nes y electrodomésticos, tanto en la vía pública como privada, así como en las fincas privadas. Ningún abonado podrá oponerse a la entrada en sus propiedades para la inspección del servicio, que deberá realizarse en horario diurno, salvo en casos graves o urgentes a juicio de la Alcaldía.

La facultad conferida en el punto anterior, se entiende limitada a las tomas de agua de la red general y a la posible existencia de injertos o derivaciones incontroladas, como usos distintos a los autorizados, así como los fraudes en general.

En el caso de que el usuario se oponga a lo establecido en los puntos anteriores, se cortará el suministro.

Artículo 13º

Las sanciones por incumplimiento de las disposiciones de esta ordenanza se clasificarán en el reglamento de servicio y se clasificarán en leves, graves o muy graves, de acuerdo con lo siguiente:

a. Infracciones leves, multa de 50 a 750 euros.

b. Infracciones graves, multa de 751 euros hasta 1.500 euros.

c. Infracciones muy graves, multa de 1.501 euros hasta 3.000 euros.

Las sanciones por infracciones graves y muy graves pueden ir acompañadas de la suspensión del suministro.

En el caso de que la lectura del contador correspondiente haya sido defraudada por cualquier tipo de manipulación o se haya llevado a cabo cualquier tipo de actuación para evitar dicha lectura, este ayuntamiento hará una estimación del importe consumido por el defraudador, con un mínimo de 1.000 m³, aplicándole el duplo del importe fijado para el metro cúbico como exceso del tercer tramo.

Disposición final

Esta ordenanza tributaria entrará en vigor el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y comenzará a aplicarse a partir de su publicación en el BOP, quedando vigente hasta su derogación o enmienda.

Xunqueira de Espadanedo, 29 de mayo de 2020. El alcalde.

Fdo.: Carlos Gómez Blanco.

R. 2.076

Xunqueira de Espadanedo

O Concello de Xunqueira de Espadanedo levou a cabo a aprobación inicial da modificación do Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio e outros servizos complementarios por acordo do Pleno da Corporación de data 10 de marzo do 2020.

Así mesmo, foi exposto no BOP de Ourense número 64, para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimasen oportunas durante o prazo de trinta (30) días hábiles.

Unha vez rematado o dito prazo e ao non presentarse reclamacións contra o acordo provisional, enténdese aprobado definitivamente, procedéndose á publicación íntegra do devandito regulamento.

Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio e outros servizos complementarios

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1.

1. Constitúe o obxecto deste regulamento as normas polas que se rexerá o abastecemento de auga potable no municipio, mediante as captacións e instalacións coas que conta na actualidade e coas que poida contar no futuro, sendo así mesmo de aplicación, en canto ao aspecto tributario, a ordenanza fiscal.



2. Consideraranse instalacións todas as redes de transporte e distribución e terán o carácter de públicas e de propiedade municipal.

Título II. Modalidades de subministración. Prelación.

Artigo 2.

A subministración de auga potable outorgarase baixo formas ou clases de uso distinto:

- a. Para usos domésticos.
- b. Para usos non domésticos.
- c. Para obras ou provisionais.

Enténdese como subministración para usos domésticos a que normalmente se realiza en vivendas, para atender ás necesidades ordinarias da vida, bebida, preparación de alimentos, limpeza e aseo persoal.

Enténdese como subministración para usos non domésticos, a que se realiza en establecementos comerciais, recreativos, industriais e agrogandeiros, ou de outro tipo que non sexan vivendas.

Enténdese como subministración para obras ou provisionais, o determinado polas necesidades da construción.

Artigo 3.

As subministracións para usos non domésticos estarán sempre subordinadas ás necesidades do uso doméstico, de conformidade coa seguinte prelación: primeiro, uso doméstico; segundo, uso agrogandeiro; terceiro, uso comercial e industrial; cuarto, uso para obras ou provisionais.

Por conseguinte, estas subministracións poderán ser interrompidas pola administración cando as circunstancias o aconsellen, aínda que non se interrompese a subministración para os demais usos preferentes.

Título III. Formalización da concesión.

Artigo 4.

As subministracións, en calquera das súas clases, outorgaranse mediante solicitude dos interesados, na que terá que figurar a clase ou uso para o que se destina.

Artigo 5.

En todos os casos a subministración efectuarase polo sistema de contador.

Artigo 6.

A subministración concederase a toda persoa natural ou xurídica, titular de dereitos e obrigas reais en materia inmobiliaria.

Artigo 7.

O procedemento polo que se concederá a subministración será o seguinte: formularase a petición da subministración indicando a clase de uso a que se destine e a importancia do servizo que se desexa, en impreso normalizado que estará a disposición dos interesados nas oficinas municipais.

Artigo 8.

O concello pactará cos seus abonados a reserva de que as instalacións interiores do inmovible estean en debidas condicións para a normal subministración.

Artigo 9.

O usuario dunha subministración non poderá utilizar a auga para uso distinto de aquel para o cal foi outorgada, quedando prohibida tamén a concesión, venda ..., total ou parcial de auga a favor dun terceiro. Soamente en caso de incendio poderá ser suspendida esta prohibición.

Título IV. Dereitos e obrigas.

Artigo 10.

O cesamento da subministración por clausura ou demolición dos edificios ou por desocupación das vivendas, deberá ser comunicado ao concello polo usuario interesado que solicitará a correspondente baixa do servizo. No caso contrario, o usuario

continuará suxeito ao pagamento das taxas e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

Artigo 11.

O concello resérvase o dereito a ditar disposicións especiais, condicionar a subministración e incluso suspendela cando se trate de aproveitamento cuxo uso puidera afectar á pureza das augas ou ao normal abastecemento á poboación.

O concello non será responsable das interrupcións que poida sufrir o servizo por motivos de escaseza de auga ou avaría nos sistemas de captación, conducción, depósitos e distribución.

En tales casos, resérvase o dereito de interromper a subministración tanto con carácter xeral, como en sectores ou zonas en que así o aconsellen as necesidades do servizo ou os intereses xerais do municipio, dando publicidade previa a tales interrupcións polos medios habituais. Procurarase, non obstante, manter o abastecemento mediante algún procedemento alternativo cando a duración da interrupción así o aconselle.

Artigo 12.

Os usuarios son responsables do cumprimento das disposicións deste regulamento, por si e por cantas persoas se encontren nos seus locais e vivendas, así como de todos os danos e prexuízos que calquera deles poida causar con motivo do servizo.

Artigo 13.

Calquera interrupción ou irregularidade que se observe na subministración deberá ser notificada inmediatamente ao concello, para que se poida proceder á súa inmediata reparación.

Artigo 14.

Se o abonado non reside no municipio de Xunqueira de Espadanedo, deberá designar representante para cantas relacións, incluso económicas, se deriven do servizo.

Artigo 15.

No caso de división dun predio en varios, cada un deles deberá contar con toma propia e independente.

Título V. Tomas e instalacións.

Artigo 16.

As obras de colocación de contadores, instalación de acometida e as súas reparacións, modificacións..., executaranse sempre polo persoal do concello ou pola empresa a quen se adxudique tal servizo. No importe da súa execución quedan comprendidos man de obra, maquinaria, materiais, contadores, pezas e accesorios, así como comprobación de contadores e instalacións.

O custe destas obras, así como as de instalación de contadores serán por conta do usuario. O importe das obras de instalación, reparación, modificación..., no seu caso, de acometida, así como a instalación de contadores que realice o persoal do concello, liquidaranse e aboaranse unha vez solicitada a obra ou instalación.

Artigo 17.

Se para a realización das obras de acometida se fixeran precisas autorizacións de organismos da Administración pública ou permisos de particulares, a obtención destes corresponderá ao interesado que os achegará para incorporar á solicitude de licenza.

Artigo 18.

O concello ten dereito a vixiar as condicións e forma en que os abonados utilizan a auga. Os empregados do concello, na súa misión de vixilancia, procurarán non causar molestias ao abonado. Se eses empregados do concello advertisen a necesidade dalgunha reparación ou modificación no sistema de subministración nas tubaxes, chaves..., pasarase o aviso ao abonado para que se proceda a realizar as reparacións. O abonado facilitará a entrada ao domicilio ao persoal do concello.

A negativa ou resistencia aos empregados municipais a examinar a rede considerarase como presunción de posibles anomalías ocultas e de fraude e dará lugar, previo cumprimento das formalidades legais, ao corte da subministración.

Artigo 19.

Os abonados ou propietarios estarán obrigados a realizar os traballos de conservación de tubaxes e demais materiais instalados no predio dende a acometida que, por ser indispensables, ao non ser reparados puideran ocasionar perturbación na subministración ou danos a terceiros. De non o facer, o concello podería suspender a subministración.

Artigo 20.

Cada predio deberá contar con toma propia e independente.

Título VI. Os contadores.

Artigo 21.

A instalación de aparatos contadores de volume de auga consumida realizarase sempre nas condicións previstas na ordenanza do concello reguladora desta materia ou na normativa correspondente. Nos edificios individuais e illados, os contadores instalaranse en caixas protexidas no cerramento ou muro exterior, no límite do predio coa vía pública, de modo que permitan a lectura sen necesidade de penetrar no interior da propiedade. En calquera caso, o espazo no que se atopen instalados os contadores deberá manterse permanentemente aberto, se ben, quedando debidamente protexidos contra as inclemencias do tempo.

Artigo 22.

Os usuarios do servizo estarán obrigados a permitir en calquera hora do día o acceso dos empregados do concello aos lugares onde están instalados os aparatos contadores, así como a facilitar aos ditos empregados a posibilidade de inspección das instalacións de acometida e rede interior de distribución. No caso de negativa, e previo requirimento por escrito, entenderase que o usuario renuncia á concesión e levará implícito, previo cumprimento das formalidades legais, o corte do servizo, debéndose aboar de novo a cota por dereito de acometida para que sexa restablecido.

Título VII. Cálculo da subministración.

Artigo 23.

O cálculo da subministración utilizada por cada abonado será realizado polo persoal do concello de acordo cos seguintes procedementos:

- Mediante lectura periódica do aparato contador, facturándose o consumo ao prezo establecido.

- Cando, por calquera causa, o consumo fose realizado sen funcionamento do contador liquidarase polo termo medio das lecturas anteriores, independentemente da sanción na que incorran.

Título VIII. Suspensión das concesións. Infraccións e sancións.

Artigo 24.

Procederá a suspensión do servizo:

Primeiro: pola execución de obras que xustifiquen a suspensión, a criterio do concello. Para os efectos, o que realice as obras deberá poñelo anticipadamente en coñecemento do concello, sendo responsable de toda clase de danos e prexuízos, no caso de non verificalo.

Segundo: por esixencias do servizo, en casos de roturas, obstrucións, reparacións, limpeza ou outras causas de forza maior, así como en caso de seca para garantir o abastecemento para uso humano.

Terceiro: por morte do concesionario ou cambio da titulación para a que foi solicitada a concesión, se non se produce a subrogación.

Cuarto: pola vía de sanción, como consecuencia de infracción do presente regulamento.

Quinto: non utilización do servizo.

Sexto: pola perda ou cesamento da titularidade ou condición coa que foi solicitado.

Artigo 25.

Procederá a suspensión do servizo por vía de sanción, á que fai referencia o artigo 23, punto cuarto do presente regulamento:

a. Se o usuario non aboa dous ou máis recibos. No caso de que por este concepto algún consumidor formulara regulamentariamente algunha reclamación, non se lle poderá privar da subministración en tanto non recaia resolución firme sobre a reclamación formulada.

b. Por falta de pagamento das cantidades resultantes da liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

c. En todos os casos nos que o abonado faga uso da auga que se lle subministra en forma ou para usos distintos aos solicitados.

d. Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outros locais ou vivendas diferentes aos correspondentes a esa subministración.

e. Cando o usuario non permita a entrada ao lugar onde teña instalado o contador para realizar as revisións ou lecturas necesarias.

Artigo 26.

Especialmente, e sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, consideraranse infraccións os actos seguintes:

Infraccións leves:

a. Os danos, sen causa xustificada, nos aparatos contadores ou nas acometidas que sexan alleos ao natural desgaste. Nestes casos disporase a inmediata reparación a cargo do abonado polo seu importe.

b. Modificar a situación dun contador ou establecer obstáculos que impidan a súa normal lectura.

c. A alteración ou manipulación nas instalacións do servizo destinadas a falsear a lectura do volume consumido.

d. A alteración de precintos por persoas alleas ao servizo.

e. Rego indiscriminado de hortas e xardíns.

Infraccións graves:

a. Uso de fontes e outras instalacións públicas, salvo en caso de forza maior, para obras de construción ou usos industriais, sendo sancionado por cada vez que se realice.

b. A revenda de auga será sancionada cada vez que se realice, entendéndose cada vez por día.

c. A rotura do precinto do contador. Exceptúanse deste precepto os casos de rotura do precinto por avaría grave, incendio ou causas de forza maior.

d. Obstáculo por parte do concesionario á inspección ou comprobación das instalacións ou á lectura dos contadores.

e. Establecemento de enxertos que puideran traer como consecuencia o uso fraudulento da auga.

f. Ter unha toma enganchada á rede municipal e non estar instalado contador de auga coa súa correspondente alta municipal.

g. Enchido de piscinas sen autorización previa do concello.

h. A alteración ou manipulación nos aparatos contadores ou nas acometidas, sen prexuízo da inmediata reparación con cargo ao usuario polo concello.

i. A reiteración de dúas infraccións leves no ano.

Infraccións moi graves:

a. Ter unha derivación antes do contador de auga.

b. Mesturar auga na rede de abastecemento que non estea sanitariamente controlada no enganche (pozos, auga de abas-



tecemento antigas..., ou calquera outra procedencia non controlada).

c. Pola reiteración de dúas infraccións graves no ano.

Artigo 27.

Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións do presente regulamento serán sancionadas pola Alcaldía da seguinte forma:

a. Infraccións leves, multa de 50 euros ata 750 euros.

b. Infraccións graves, multa de 751 euros ata 1.500 euros.

c. Infraccións moi graves, multa de 1.501 euros ata 3.000 euros.

Artigo 28.

As reclamacións que formulen os abonados dirixiranse á Alcaldía, na forma legalmente establecida.

Artigo 29.

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, manténdose en vigor ata que se acorde a súa modificación e/ou derogación expresa.

Xunqueira de Espadanedo, 29 de maio de 2020. O alcalde.

Asdo.: Carlos Gómez Blanco.

El Ayuntamiento de Xunqueira de Espadanedo llevó a cabo la aprobación inicial de la modificación del Reglamento del Servicio de Abastecimiento de Agua Potable a Domicilio y otros Servicios Complementarios mediante acuerdo del Pleno de la Corporación de 10 de marzo de 2020.

Además, se expuso en el BOP de Ourense número 64, para que los interesados pudieran examinar el expediente y presentar las reclamaciones que se considerasen oportunas durante el plazo de treinta (30) días hábiles.

Transcurrido este plazo y al no haberse presentado reclamaciones contra el acuerdo provisional, se entiende que ha sido aprobado definitivamente y se procede a la publicación íntegra de dicho reglamento.

Reglamento del Servicio de Abastecimiento de Agua Potable a Domicilio y otros Servicios Complementarios

Título I. Disposiciones generales.

Artículo 1

1. El objeto de este reglamento son las normas que regirán el suministro de agua potable en el municipio, a través de las captaciones e instalaciones con las que cuenta actualmente y que pueda tener en el futuro, siendo también de aplicación, en materia tributaria, la ordenanza fiscal.

2. Todas las redes de transporte y distribución se considerarán instalaciones y serán de propiedad pública y municipal.

Título II. Modalidades de suministro. Prelación.

Artículo 2.

El suministro de agua potable se otorgará en diferentes formas o clases de uso:

a. Para uso doméstico.

b. Para usos no domésticos.

c. Por obras o provisional.

Se entiende como un suministro de uso doméstico, el que se suele realizar en el hogar, para cubrir las necesidades ordinarias de la vida, bebida, preparación de alimentos, limpieza e higiene personal.

Se entiende como un suministro para usos no domésticos, el que se realiza en establecimientos comerciales, recreativos, industriales y agrícolas, o distintos a la vivienda.

Se entiende como suministro para obras o provisional el determinado por las necesidades de la construcción.

Artículo 3

Los suministros para uso no doméstico siempre estarán sujetos a las necesidades de uso doméstico, de acuerdo con la siguiente prelación: primero, uso doméstico; en segundo lugar, uso agrícola; tercero, uso comercial e industrial; cuarto, uso para trabajos o temporal.

Por tanto, estos suministros podrán ser interrumpidos por la administración cuando las circunstancias así lo justifiquen, aunque no se interrumpa el suministro por otros usos preferenciales.

Título III. Formalización de la concesión.

Artículo 4

Los suministros, en cualquiera de sus clases, se otorgarán a solicitud de los interesados, que deberán incluir la clase o uso al que se destina.

Artículo 5

En todos los casos el suministro se efectuará por el sistema de contador.

Artículo 6

El suministro se otorgará a cualquier persona física o jurídica, titular de derechos y obligaciones reales en materia inmobiliaria.

Artículo 7

El procedimiento para el cual se otorgará el suministro será el siguiente: la solicitud de suministro se realizará indicando el tipo de uso al que se destina y la importancia del servicio deseado, en un formulario estándar que estará a disposición de los interesados en las oficinas municipales.

Artículo 8

El ayuntamiento acordará con sus abonados reservar que las instalaciones interiores del inmueble se encuentren en condiciones adecuadas para el normal suministro.

Artículo 9

El usuario de un suministro no podrá utilizar el agua para un uso diferente al que fue otorgado, quedando prohibida, también, la concesión, venta..., total o parcial de agua a favor de un tercero. Esta prohibición solo puede suspenderse en caso de incendio.

Título IV. Derechos y obligaciones.

Artículo 10

El cese del suministro por cierre o derribo de los edificios o por la desocupación de las viviendas, deberá ser comunicado al ayuntamiento por el usuario interesado quien solicitará la correspondiente baja del servicio. En caso contrario, el usuario seguirá estando sujeto al pago de tarifas y demás responsabilidades que pudieran derivarse del uso del servicio.

Artículo 11

El ayuntamiento se reserva el derecho a dictar disposiciones especiales, condicionar el suministro e incluso suspenderlo cuando se trate de aprovechamientos cuyo uso pueda afectar a la pureza del agua o al normal abastecimiento de la población.

El ayuntamiento no será responsable de las interrupciones que pueda sufrir el servicio por falta de agua o averías en los sistemas de captación, conducción, almacenamiento y distribución.

En tales casos, se reserva el derecho a interrumpir el suministro tanto con carácter general como en los sectores o zonas donde las necesidades del servicio o los intereses generales del municipio así lo aconsejen, dando publicidad previa a dichas interrupciones por los medios habituales. No obstante, se intentará mantener el suministro mediante algún procedimiento alternativo cuando la duración de la interrupción así lo aconseje.

Artículo 12

Los usuarios son responsables del cumplimiento de lo dispuesto en este reglamento, por sí mismos y por cuantas personas se encuentren en sus locales y domicilios, así como por cualquier daño o lesión que alguno de ellos pueda ocasionar por el servicio.

Artículo 13

Cualquier interrupción o irregularidad que se observe en el suministro deberá ser notificada de inmediato al ayuntamiento, para que pueda ser reparada de inmediato.

Artículo 14

Si el abonado no reside en el municipio de Xunqueira de Espadanedo, deberá designar un representante para las relaciones, incluso económicas, que pudieran derivarse del servicio.

Artículo 15

En el caso de la división de una finca en varias, cada una de ellas debe tener su propia toma independiente.

Título V. Tomas e instalaciones.

Artículo 16

Los trabajos de colocación de contadores, instalación de acometida y sus reparaciones, modificaciones..., serán siempre ejecutados por el personal del ayuntamiento o por la empresa a la que se adjudique dicho servicio. El monto de su ejecución incluye mano de obra, maquinaria, materiales, medidores, repuestos y accesorios, así como verificación de medidores e instalaciones.

El coste de estas obras, así como la instalación de medidores correrán a cargo del usuario. El importe de las obras de instalación, reparación, modificación..., en su caso, de conexión, así como la instalación de contadores que realice el personal del ayuntamiento, se liquidará y abonará una vez solicitada la obra o instalación.

Artículo 17

Si para la realización de las obras de conexión se hicieran precisas autorizaciones de organismos de la Administración pública o permisos de particulares, la obtención de los mismos corresponderá al interesado que los facilitará para incorporar los a la solicitud de licencia.

Artículo 18

El ayuntamiento tiene el derecho de controlar las condiciones y la forma en que los abonados utilizan el agua. Los empleados del ayuntamiento, en su misión de seguimiento, intentarán no causar molestias al pagador. Si estos empleados del ayuntamiento anuncian la necesidad de alguna reparación o modificación del sistema de suministro en las tuberías, válvulas, etc., se hará llegar el aviso al pagador para que se realicen las reparaciones. El miembro proporcionará entrada a la casa al personal del ayuntamiento.

La negativa o resistencia a los empleados municipales a examinar la red se considerará como presunción de posibles anomalías ocultas y fraude y dará lugar, tras el cumplimiento de las formalidades legales, al corte de suministro.

Artículo 19

Los abonados o propietarios estarán obligados a realizar las labores de conservación de las tuberías y demás materiales instalados en la finca desde la conexión que, siendo indispensables, al no ser reparados pudieran haber ocasionado perturbación en el suministro o daños a terceros. De no hacerlo, el ayuntamiento podría suspender el suministro.

Artículo 20

Cada finca debe tener su toma propia e independiente.

Título VI. Los contadores.

Artículo 21

La instalación de dispositivos para el cómputo del volumen de agua consumida se realizará siempre en las condiciones previs-

tas en la ordenanza del ayuntamiento que regule esta materia o en la normativa correspondiente. En edificaciones individuales y unifamiliares, los medidores se instalarán en cajas protegidas en el cerramiento o muro exterior, en el límite de la propiedad con la vía pública, para permitir la lectura sin necesidad de penetrar en el interior de la propiedad. En cualquier caso, el espacio en el que se instalen los contadores deberá mantenerse permanentemente abierto, aunque deberán estar debidamente protegidos contra las inclemencias del tiempo.

Artículo 22

Los usuarios del servicio estarán obligados a permitir a los empleados del ayuntamiento el acceso a los lugares donde se instalen los medidores en cualquier momento del día, así como a facilitar a estos empleados la inspección de las instalaciones de conexión y la red de distribución interna. En caso de denegación, y previa solicitud por escrito, se entenderá que el usuario renuncia a la concesión e implicará, previo cumplimiento de las formalidades legales, el corte del servicio, debiendo abonar nuevamente la tasa por la restitución del derecho de conexión.

Título VII. Cálculo de suministro.

Artículo 23

El cálculo del suministro utilizado por cada abonado lo realizará el personal del ayuntamiento de acuerdo con los siguientes procedimientos:

- Mediante lectura periódica del contador, facturando el consumo al precio establecido.

- Cuando, por cualquier motivo, el consumo se haya realizado sin el funcionamiento del contador se liquidará por el promedio de las lecturas anteriores independientemente de la penalización en la que incurran.

Título VIII. Suspensión de concesiones. Infracciones y sanciones.

Artículo 24

El servicio se suspenderá:

Primero: para la ejecución de obras que justifiquen la suspensión, a criterio del ayuntamiento. A tal efecto, la persona que realice las obras deberá informar previamente al ayuntamiento, siendo responsable de cualquier tipo de daño, en caso de no verificación.

En segundo lugar: por requerimientos del servicio, en caso de rotura, obstrucción, reparación, limpieza u otras causas de fuerza mayor, así como en caso de sequía para asegurar el suministro para uso humano.

En tercer lugar: por fallecimiento del concesionario o cambio de la titularidad para la cual se solicitó la concesión, si no se produce la subrogación.

Cuarto: a modo de sanción, como consecuencia de la infracción de este reglamento.

Quinto: no uso del servicio.

Sexto: por la pérdida o cese de la titularidad o condición con la que se solicitó.

Artículo 25

El servicio será suspendido por sanción, a que se refiere el artículo 23, punto cuarto de este reglamento:

a. Si el usuario no paga dos o más recibos. En el caso de que por este concepto un consumidor haya realizado una reclamación de acuerdo con la normativa, no podrá ser privado del suministro mientras no exista una decisión firme sobre la reclamación realizada.

b. Por impago de los importes resultantes de la liquidación firme del fraude o en el caso probado de reincidencia del fraude.

c. En todos los casos en que el abonado haga uso del agua que se le suministre en forma o para usos distintos a los solicitados.



d. Cuando el usuario establezca o permita establecer derivaciones en su instalación para el suministro de agua a otros lugares o viviendas diferentes a las correspondientes a ese suministro.

e. Cuando el usuario no permita el ingreso al lugar donde tiene instalado el medidor para realizar las revisiones o lecturas necesarias.

Artículo 26

En particular, y sin perjuicio de lo dispuesto en los artículos anteriores, se considerarán infracciones los siguientes actos:

Infracciones menores:

a. Daños, sin causa justificada, a aparatos medidores o conexiones que no estén relacionados con el desgaste natural. En estos casos, el pagador realizará el pago inmediato del importe.

b. Modificar la situación de un medidor o poner obstáculos que impidan su lectura normal.

c. La alteración o manipulación en las instalaciones del servicio destinadas a falsificar la lectura del volumen consumido.

d. La alteración de precintos por personas ajenas al servicio.

e. Riego indiscriminado de huertas y jardines.

Infracciones graves:

a. El uso de fuentes y demás instalaciones públicas, excepto en caso de fuerza mayor, para obras de construcción o usos industriales, siendo sancionado por cada vez que se realice.

b. La reventa de agua será sancionada cada vez que se realice, entendiéndose cada vez por día.

c. La ruptura del sello del medidor. Son excepciones a este precepto los casos de rotura del precinto por daño grave, incendio o fuerza mayor.

d. Obstáculo por parte del concesionario a la inspección o verificación de las instalaciones o a la lectura de los contadores.

e. Establecimiento de injertos que pudieran traer como consecuencia el uso fraudulento del agua.

f. Tener una toma conectada a la red municipal y no disponer de contador de agua instalado con su correspondiente alta municipal.

g. Llenado de piscinas sin autorización previa del ayuntamiento

h. La alteración o manipulación en los contadores o en las conexiones, sin perjuicio de la reparación inmediata a cargo del usuario por parte del ayuntamiento.

i. La reiteración de dos infracciones leves en el año

Infracciones muy graves:

a. Tener una derivación antes del medidor de agua.

b. Mezclar agua en la red de abastecimiento que no esté sanitariamente controlada en el enganche (pozos, agua de abastecimiento antiguas..., o cualquier otra fuente incontrolada).

c. Por la reincidencia de dos infracciones graves en el año.

Artículo 27

Sin perjuicio de exigir, en su caso, las responsabilidades penales o civiles que correspondan, las infracciones a este reglamento serán sancionadas por la Alcaldía de la siguiente manera:

a. Infracciones leves, multa de 50 euros hasta 750 euros.

b. Infracciones graves, multa de 751 euros hasta 1.500 euros.

c. Infracciones muy graves, multa de 1.501 euros hasta 3.000 euros.

Artículo 28

Las reclamaciones realizadas por los suscriptores serán dirigidas a la Alcaldía, en la forma legalmente establecida.

Artículo 29

Este reglamento entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el BOP, permaneciendo vigente hasta que se acuerde su expresa modificación y/o derogación.

Xunqueira de Espadanedo, 29 de mayo de 2020. El alcalde.

Fdo.: Carlos Gómez Blanco.

R. 2.077